
O Ribeiro

Favorecido por un microclima e unha situación xeográfica encomiable, os máis de 1000 anos de historia vitivinícola, fan da comarca do Ribeiro a esencia do viño en Galicia. Dende tempos inmemoriais a produción do viño nesta comarca alcanzou altas cotas de calidade e comercialización que nunca se darán na Península Ibérica. Foi o primeiro viño en pisar América e a súa fama como viño de Ribadavia e de Ourense chegou ás mais afamadas mesas das monarquías europeas.

Hoxe o Ribeiro ademais da súa privilexiada natureza, volta a ocupar por méritos e calidade o status de viño con mais proxección dos que se fan na península Ibérica, acaparando gran expectación a nivel nacional e internacional. **Elogiado por catadores e gastrónomos de todo o mundo, destaca tanto en brancos coma en tintos pola súa complexidade de variedades e a ampla gama de aromas e sabores.**

Como dixeron recentemente periodistas do viño e xornais norteamericanos, “o Ribeiro é a zona produtora de viño con máis proxección, é unha sorte de Borgoña española na que se xuntan as mais interesantes variedades de uva, cun clima, unha temperatura e unha historia que merece a pena descubrir” é Manuel Antonio, xa o dicía, “se non houbo nacido na Terra Choubéseme gustado ser do Ribeiro”

URL de origen: <http://turismoribadavia.com/node/122>